

CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
DATA 25 de abril de 2018

Sras./Sres. Asistentes:

PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

VOGAIS

DONA LUZ ABALO PEREZ
DNA. ANA GRANJA GUILLÁN

TÉCNICO

D. XOAN X. RODRÍGUEZ CUIÑA
D. EMILIO PUMAR DURAN

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:00 do día 25 de abril de 2018 reúnense en primeira convocatoria os/as membros do Consello da Xerencia de Urbanismo que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de levar a cabo a sesión.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 28 de marzo de 2018, que se aprobou por unanimidade.

VISTOS OS INFORMES OBRANTES NOS EXPEDIENTES ACÓRDASE INFORMAR AS SEGUINTES SOLICITUDES:

LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACION

Informar favorablemente a solicitude presentada por d. Juan Carro Martínez, para primeira ocupación da vivenda sita no Camiño Novo de Zamar nº 17 - Rubiáns, de conformidade co certificado final de obra asinado polo Arquitecto D. Ildfonso Estévez Martínez, visado coa data de 24/03/2003.

Asemade, infórmase favorablemente a acometida á rede de saneamento da devandita vivenda, baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo do Concello (Diego teléf. 670.507.938), co que o interesado convirá o momento da súa execución, que realizará baixo a súa inspección e vixilancia.
- A conexión realizarase a pozo de rexistro e o ramal de acometida será con tubo de PVC de Ø 160 mm como mínimo.
- Repoñeranse tódolos servizos municipais afectados o seu estado inicial.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública, disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas. (Exp. 929/01)

COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS MENORES

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Luis Barrio Vidal en representación de Dna. M^a Josefa Búa Vicente, para cambio de carpintería exterior e reforma de baño existente na Rúa da Cruz nº 4-1º Dta. – Carril (Ref. Cat. 8481909NH1188S0004KR).

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

Xa que se trata dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

As instalacións a substituír ou modificar deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 137/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M^a Lidia Arca Brey, para solado en local destinado a garaxe na Rúa Concepción Arenal nº 22 Bx. Dta. (Ref. Cat. 9471011NH1197S0002KS)

Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de nova actividade económica, realizará a tramitación correspondente, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 167/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Silvia Covelo Cabaleiro en representación de COM. PROP. EDIFICIO SEGUNDA TRAVESIA CERVANTES 2, para reparación de fachada e cuberto no inmovible situado na Rúa Cervantes do Carril nº 84 (Ref. Cat. 8687001NH1188N).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 173/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Jorge Luis Simini en representación de COM. PROP. COLÓN 1, para cambio de baixante por patio de luces e pintado do mesmo, no inmovible sito na Rúa Colón nº 1 (Ref. Cat. 9365301NH1196N).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 176/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. María Doval Caeiro en representación de COM. PROP. TRAV. ARZOBISPO GELMIREZ Nº 6, para impermeabilización de balcóns no inmovible sito na Rúa Arcebispo Xelmirez nº 6 (Ref. Cat. 9559003NH1195N).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 181/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Antonio García García, para substitución de cubrición de tellado en vivenda sita no Camño Novo nº 7 – Zamar Rubiáns (Ref. Cat. 0732303NH2103S0001UA).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles**

cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 182/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Francisco Javier Otero Dasilva, para cambio de ventás en piso na Rúa Alfredo Brañas nº 10-5º A (Ref. Cat. 8751411NH1185S0010QW).

Xa que se trata dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 183/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. Antonia García Abelleira, para peche frontal de parcela na Rúa Alto do Rei nº 8 – Trabanca Badiña (Ref. Cat. 0767201NH2106N0001MI).

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 185/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Juan Carlos Viñayo García en representación de CAVANO AROSA S.L., para limpeza de cuberta e reposición de tellas en mal estado do inmovible sito na Rúa Méndez Núñez nº 17 (Ref. Cat. 9363702NH1196S0001BJ).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 194/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M^a Luisa Marcos Diéguez en representación de COM. PROP. EDIFICIO VILABOA, para reforma de baños da vivenda sita na Rúa Vilaboa nº 4 Bx. 4- Sobradelo (Ref. Cat. 8554404NH1185S0005JM).

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano (Expte. 195/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por d. Alfonso Lema Reguera en representación de HILECOR S.L., para pavimentación exterior de parcela sita na Rúa Ensino nº 6 – Rubiáns (Ref. Cat. 1138302NH2113N0001BU)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 188/18)

LICENZAS DE OBRAS MENORES

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Rocio Mejuto Ares, para a legalización do rótulo aplacado instalado no local sito na Rúa Edelmiro Trillo nº 8 Bx. (Ref. Cat. 9361604NH1196S0001QJ) (Exp. 105/18)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Saúl Muñiz Eiras, en representación de D. Francisco Carro Grande, para instalación de rótulo no local sito na Pza. Xoan XXIII nº 3 bx. (Ref. Cat. 9664813NH96S0003PL).

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Beatriz Meléndez Davila, para legalización de instalación de rótulo no local sito na Rúa Castor Sánchez nº 13 Bx. (Ref. Cat. 9463036NH1196S0023KP) (Exp. 116/18)

Informar favorablemente a solicitude presentada por AUGAS DE GALICIA, par obras de ACONDICIONAMENTO HIDRÁULICO DUN AFLUENTE DO RÍO CON NA RÚA FLORIDA (CLAVE OH-436.1004) FASE II., baixo as seguintes condicións:

- Rematadas as obras da Fase II, deberá conectarse o afluente no seu inicio coa canalización proxectada na fase I xa que, na actualidade está conectado na canalización que pasa polo interior do edificio.
- A fianza de 10.000 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este

extremo.

- Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:
- - Prazo para iniciación: 4 meses.
- - Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. 746/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Gabriel Rivera de Castro en representación de CASTRO PARGA S.L., para instalación de entrada de carruxes en baixo do edificio sito na Avda. As Carolinas nº 27 (entrada por Rúa Xilgaro) , debendo executar o paso sobre a beirarrúa baixo as seguintes condicións:

1ª.- Nos laterais, o bordo de beirarrúa rematarase en curva de 90°, ata o punto de enlace da cota superior do mesmo coa rasante da beirarrúa.

2º.- A zona comprendida entre pavimento de calzada e punto onde o bordo curvo alcanza a rasante da beirarrúa, executarase en rampla con 15 cm. de grosor de formigón HM-20.

3º.- A zona comprendida entre a rampla e liña de portal executarase con 15 cm. de formigón HM-20, deixándoa acabada a rasante da beirarrúa actual.

4º.- Nos laterais do paso executado en formigón, suprimirase a lousa de cemento que forma o pavimento de beirarrúa nun ancho de 60 cm. e fondo o da beirarrúa, substituíndoa por plaqueta de piñonciño de 30 x 30, asentada con morteiro de cemento e arrexuntándoa.

Comunícaselle que deberá pasar polo Negociado de Rendas a efectos de facturar o importe da placa, para a súa posterior retirada na Portería do Concello.

Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. 86/18).

Informar favorablemente a solicitude de D. Joaquin Alberto Renda Fernández, para instalación de entrada de carruxes na Rúa José Viqueira Barrio nº 3, debendo executar o paso sobre a beirarrúa baixo as seguintes condicións:

1ª.- Nos laterais, o bordo de beirarrúa rematarase en curva de 90°, ata o punto de enlace da cota superior do mesmo coa rasante da beirarrúa.

2º.- A zona comprendida entre pavimento de calzada e punto onde o bordo curvo alcanza a rasante da beirarrúa, executarase en rampla con 15 cm. de grosor de formigón HM-20.

3º.- A zona comprendida entre a rampla e liña de portal executarase con 15 cm. de formigón HM-20, deixándoa acabada a rasante da beirarrúa actual.

4º.- Nos laterais do paso executado en formigón, suprimirase a lousa de cemento que forma o pavimento de beirarrúa nun ancho de 60 cm. e fondo o da beirarrúa, substituíndoa por plaqueta de piñonciño de 30 x 30, asentada con morteiro de cemento e arrexuntándoa.

Comunícaselle que deberá pasar polo Negociado de Rendas a efectos de facturar o importe da placa, para a súa posterior retirada na Portería do Concello.

Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. 109/18).

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Ramón Rodríguez Darroza, para acometida á rede municipal de auga para servizo de obra na Rúa Primeiro de Maio nº 10 (Ref. Cat. 0764315NH2106S0001LH), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.

- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocárase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocárase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga dispórase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- O uso da auga será exclusivamente para as necesidades da construción da obra, sen que poida destinar, baixo ningún concepto, a outros usos. (Exp. 164/18)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. M^a Guadalupe Conde Fortes, para acometida á rede municipal de auga para servizo de obra no lugar de Urbanización A Granja de Tomé – A Pelada, parcela nº 13, baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocárase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocárase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga dispórase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- O uso da auga será exclusivamente para as necesidades da construción da obra, sen que poida destinar, baixo ningún concepto, a outros usos. (Exp. 172/18)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Luis Señorans Osorio, para obras de ampliación na rede eléctrica no Cmño. Da Martiza – A Lagoa, baixo as seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
4. Para a execución da obra e calidade dos materiais, aplicarase o disposto no Prego de Prescricións Técnicas Xerais para obras de carreteras e portos (PG-3.)

5. Reposicións

GABIA LONXITUDINAL

Para a reposición da gabia lonxitudinal do vial afectado, deberá procederse o fresado **DA METADE DO CARRIL**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

GABIA TRANSVERSAL Puede verificar integridad de este documento en <http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/4NXG8ESI95KSQ2BS>

Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá **procederse o fresado do ancho da gabia e 3 metros a cada extremo**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

6. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.

7. As canalizacións deberán gardar as distancias de seguridade necesarias con outros servizos existentes, de acordo coa normativa vixente.
8. As obras manteranse en todo intre valadas e debidamente sinalizadas e durante as horas nocturnas deberá instalarse sinalización luminosa.
9. As arquetas e rexistros quedarán situados de forma que non impidan o paso de conduccións dos servizos existentes ou de futura construción.
10. A apertura das gabias nos cruces das calzada farase en dúas partes da sección transversal de xeito que en ningún intre se poida interromper o tránsito tanto de vehículos como de peóns. Cando o firme da estrada sexa de mezcla bituminosa en quente, antes de facer a apertura da gabia, cortaranse os bordes da capa de aglomerado cunha serra circular.
11. Non poderá depositarse na zona de dominio público, materiais ou escombros de natureza algunha, nin estacionar maquinaria na mesma.
12. O Pavimento do viario público deberá manterse en todo momento limpo de cascallos, terra ou materiais alleos á mesma.
13. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
14. A fianza de 1.000 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. 150/18)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Raquel Vallejo Labrador en representación de NEDGIA GALICIA SDG S.A., para obras de acometida na rede de canalización de gas na Rúa Rosa nº 13 - Carril, baixo as seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
4. Para a execución da obra e calidade dos materiais, aplicarase o disposto no Prego de Prescricións Técnicas Xerais para obras de carreteras e portos (PG-3.)
5. O titular da autorización está obrigado a repoñer, ao seu cargo, os elementos e demais servizos que resulten afectados pola obra, restituíndo as anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto, de acordo coas directrices e criterios dos Servizos Técnicos Municipais.

6. Reposicións

Beirarrúa

A beirarrúa deberase repoñer cona mesma tipoloxía de loseta de bordillo, tomado con mortero e correctamente nivelado.

Vial

Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse o fresado do ancho da gabia e 3 metros a cada extremo, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

7. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.

8. As canalizacións deberán gardar as distancias de seguridade necesarias con outros servizos existentes, de acordo coa normativa vixente.

Puede verificar integridad de este documento en <http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/9TBW6HOTJRP442KN>

9. As obras manteranse en todo intre valadas e debidamente sinalizadas e durante as horas nocturnas deberá instalarse sinalización luminosa.

10. As arquetas e rexistros quedarán situados de forma que non impidan o paso de conduccións dos servizos existentes ou de futura construción.

11. A apertura das gabias nos cruces das calzada farase en dúas partes da sección transversal de xeito que en ningún intre se poida interromper o tránsito tanto de vehículos como de peóns. Cando o firme da estrada sexa de mezcla bituminosa en quente, antes de facer a apertura da gabia, cortaranse os bordes da capa de aglomerado cunha serra circular.

12. Non poderá depositarse na zona de dominio público, materiais ou escombros de natureza algunha, nin estacionar maquinaria na mesma.

13. O Pavimento do viario público deberá manterse en todo momento limpo de cascallos, terra ou materiais alleos á mesma.

14. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.

15. Establécese unha fianza de **500,00 €**, que se vinculará **con cargo o aval de 60.000 €** suscito por Gas Galicia, SDG, S.A. según convenio fiscal, como garantía de reposición de servizos afectados polas obras de acometida de gas. (Expte. 190/18)

LICENZAS DE SEGREGACIONES

Informar favorablemente a solicitude presentada con data 09/04/20178 por D. Joaquin Ferro Riveiro de desestimento ó expediente de licenza para regularización de parcelas sitas no Camiño a renza s/n – Sobran, por canto non consta no expediente terceiros interesados que instaran á súa continuación. (Expte. 681/17)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Eladio Santamaría García, en representación de AROUSA VETERINARIA S.L., para legalización das obras de adaptación de local para consulta veterinaria no lugar de Xardíns Doutor Fleming nº 2 Bx. 2, de conformidade co proxecto do Arquitecto Técnico D. José Carlos Cancela Méndez, visado coa data 04/04/2018. (Exp. 180/18)

Informar favorablemente a solicitude de D. Daniel Espiñeira Silva, vistos os informes técnico e xurídico, para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar, no lugar de Trav. Da Cruz nº 8 Carril, de conformidade co proxecto básico da Arquitecta Dna. Teresa Barros Rey (visado coa data 02/02/2018).

Informar favorablemente, asemade, a excepcionalidade solicitada polo titular, do cumprimento dos apartados I.A.1.2.d das “Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia”.

En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano, Ordenanza específica nº 7

2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 10,00 m.
4. Orzamento de execución material: 114.599,63 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 8482906NH1188S0001HQ
6. Técnicos directores das obras: Arquitecto Dna. Teresa Barros Rey
Director das obras Dna. Teresa Barros Rey
7. Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
8. Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente.

Dado que o proxecto presentado é básico, con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse:

- Proxecto de execución asinado por técnico competente e debidamente visado.
- Estudio de Seguridade e Saúde, no que aparecerá reflectida a situación do guindastre, as súas características técnicas e o barrido da pluma.
- Oficio de dirección de execución das obras e de coordinador de seguridade e saúde, no caso de que se cumpran as condicións que fixa o Real Decreto 1627/97.

Dar conta ao Departamento de Rendas, ós efectos do abono do ICIO , xa que non consta no expediente. (Exp. 83/18)

Dáse conta do proxecto de execución presentado por D. José Luis Queiruga Romero, para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar na Rúa José Viqueira Barrio nº 26 (Ref. Cat. 9152414NH1195S), redactado polo Arquitecto D. Carlos Berride Abalo, visado coa data 05/04/2018, xunto coa documentación achegada e que foi solicitada por Resolución de Alcaldía de data 12/04/2018

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo dá a súa conformidade ao devandito proxecto de execución e documentación adxunta. (Expte. 2/18)

LICENZAS DE ACTIVIDADES/APERTURAS

Informar favorablemente o desestimento da tramitación previa de apertura presentada por D. José Manuel costa Abal, para comercio polo miúdo de aparatos de uso doméstico na Rúa Arzobispo Lago, 14 bx. F, de conformidade co informe emitido pola Policía Local no que se fai constar que o local permanece pechado ao público, procedendo o arquivo do citado expediente. (Expte. ACTINOC/2017/29)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Gemma Cecilia Guzmán Estepa en representación de GEBELL ESSENCE S.L., para o inicio e desenvolvemento da actividade de servizos de perruquería de donas e cabaleiro na Rúa Edelmiro Trillo nº 14 Bx. Esda. (ACTINOC/2017/000062)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Luis Estevez Alen, en representación de VICOSA IBERÍCA DE ELECTRODOMESTICOS S.A., para o inicio e desenvolvemento da actividade de comercio maior aparatos electrodomésticos na Avda. Xoan Carlos I nº 35 bx. (ACTINOC/2017/000085)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por dna. M^a Elena Gonzalez Soñora en representación de ENSA ENGLISH ACADEMY, S COOP GALEGA, para o inicio e desenvolvemento da actividade de academia de clases de inglés na Avda. López Ballesteros nº 7 Bx. (ACTINOC/2017/000089-CT)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Felix Rebollo Álvarez, en representación de NAUTALIA VIAJES S.L., para o inicio e desenvolvemento da actividade de axencia de viaxes na Rúa Arzobispo Andrade nº 2 bx. (ACTINOC/2017/000092)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Beatriz Meléndez Davila para o inicio e desenvolvemento da actividade de comercio polo miúdo de prendas de vestir na Rúa Castor Sánchez nº 11-13 baixo 3A (ACTINOC/2017/000097)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Cristina Medina Castro, para o inicio e desenvolvemento da actividade de comercio polo miúdo de prendas de vestir e toucado na Rúa San Roque nº 5 Bx. Esda. (ACTINOC/2018/000001)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Sandra de Rada Arines en representación de A HERBOTIQUIÑA SC, para o inicio e desenvolvemento da actividade de herboristería na Rúa Romero Ortiz nº 2-3 baixo. (ACTINOC/2018/000003)

Informar favorablemente o desestimento e arquivo da comunicación previa presentada por Dna. Maria Elena Gomez Lorenzo para exercicio da actividade de comercio polo miúdo de prendas de vestir na Rúa San Roque nº 6 Bx., de conformidade co informe emitido pola Policía Local no que se fai constar que o local atópase pechado ao público. (Expte. ACTINOC/2018/000007)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Rocio Mejuto Ares para o inicio e desenvolvemento da actividade de comercio polo múdo pan, pasteis, confitería e lácteos na Rúa Edelmiro Trillo nº 8 bx. (ACTINOC/2018/000012)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Cristina Fontenla Iglesias en representación de MI VESTIDOR AZUL SLU, para o inicio e desenvolvemento da actividade de comercio polo miúdo de prendas de vestir e toucado na Rúa Arzobispo Lago nº 6 Baixo 5 (ACTINOC/2018/000014)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Francisco Carro Grande, para o inicio e desenvolvemento da actividade de inmobiliaria na Pza. Xoan XXIII nº 3 Bx. (ACTINOC/2018/000028)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M^a del los Ángeles Lorenzo Brianes en representación de TURISMO NA VILA S.L., para o cambio de titularidade e desenvolvemento da actividade de hospedaxe en hostais e pensións na Avda. A Mariña nº 16, baixo as seguintes prescricións:

a) *O nivel de ruído transmisible ó medio ambiente interior non excederá de 35 dB pola noite (22-8 horas) e de 40 dB polo día (8-22 horas). Asemade, o nivel de ruído transmisible ó medio ambiente exterior non excederá de 75 dB polo día (8-22 horas) e de 65 dB pola noite (22-8 horas). En todo caso, deberán respetarse os límites de recepción de ruídos que poida fixa-la normativa vixente.*

b) **NON EXCEDERÁ DOS VALORES DE TRANSMISIÓN DE RUÍDOS AO MEDIO EXTERIOR E INTERIOR DISPOSTOS NO RD 1367/2007**, de conformidade co informe emitido con data 03/04/2018 polo Sr. Enxeñeiro Técnico Industrial.

c) *Aforo do local: 83 persoas, segundo certificación de actividade emitida con data 28/03/2017, así como escrito aclaratorio do aforo de data 03/04/2017.*

d) *Traballará coas portas e fiestras pechadas e ventilación forzada.*

e) **NON INSTALARA EQUIPO DE MUSICA**, de conformidade co escrito presentada con data 23/06/2017 (RE nº 8314-Xerencia de Urbanismo). (ACTCLA/2017/000016-TRANS.CLASIF.)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Adeel Ahmad, para o cambio de titularidade e desenvolvemento da actividade de 2.7.2. café-bar na Ava. Da Mariña nº 84 , baixo as seguintes prescricións:

a) *O nivel de ruído transmisible ó medio ambiente interior non excederá de 30 dB pola noite (22-8 horas) e de 35 dB polo día (8-22 horas). Asemade, o nivel de ruído transmisible ó medio ambiente exterior non excederá de 65 dB polo día (8-22 horas) e de 55 dB pola noite (22-8 horas). En todo caso, deberán respetarse os límites de recepción de ruídos que poida fixa-la normativa vixente.*

b) **NON EXCEDERÁ DOS VALORES DE TRANSMISIÓN DE RUÍDOS AO MEDIO EXTERIOR E INTERIOR DISPOSTOS NO RD 1367/2007**, de conformidade co informe emitido con data 13/04/2018 polo Sr. Enxeñeiro Técnico Industrial.

c) *Aforo do local: 21 persoas, segundo certificación de actividade emitida con data 10/07/2017.*

d) *Non se sobrepasarán os 75 dB(A) no interior do local.*

e) **TRABALLARÁ COAS PORTAS E FIESTRAS PECHADAS E VENTILACIÓN FORZADA.**

f) *Instalará cámara de graxas, debidamente dimensionada previa ao entroque co sumidoiro, para as augas da cociña, segundo memoria.*

g) *A saída de gases e fumes da cociña, será ao cumio da edificación por conducto independente.*

h) *Os residuos que se xeneren durante o desenvolvemento da actividade, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía.*

i) *Entregará os residuos de aceites e frituras a xestores autorizados.*

j) *O aparato de son actualmente existente (UNHA TELEVISION) modelo e marca LG 24MT45DG, con nº de serie: 705MAPN7D008, foi precintada pola Policía Local con data 06/02/2018 a 62.4 dB(A), para un máxmo permitido a 70 dB(A), estando o potenciómetro dos citados aparato ao seu máximo volumen. O/A titular da actividade non poderá manipular nin os precintos colocados polo Concello nin os aparatos, debendo comunicar ao Concello calquera anomalía ou avaría que puidera producirse.*

k) *O/A titular da actividade non poderá instalar equipo sonoros diferente ao actual, é decir, á TELEVISION LG E O LIMITADOR DE SON, ao que fai referencia o apartado j) anterior, sen previa autorización do Concello.*

l) **NON SE PODERA EXERCER A ACTIVIDADE DE KARAOKE NIN ACTUACIONES MUSICAIS EN DIRECTO NO INTERIOR DO LOCAL.**

m) **NON PODERA OFRECER NO LOCAL ESPECTÁCULOS OU ACTIVIDADES DISTINTOS DOS QUE FIGUREN NA LICENZA E/ OU AUTORIZACIÓN**, de conformidade co art. 7.1. do Decreto 160/2005, de 2 de xuño, polo que se modifica o Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- n) Deberá respectarse os horarios de peche dos establecementos públicos que en cada momento estableza a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.
- ñ) O/A titular da actividade deberá contribuír ó mantemento da orde pública evitando que as persoas saian do local con botellas, envases ou vasos (de vidro ou plástico).
- o) Dará cumprimento do establecido pola Lei 42/2010, de 30 de decembro (BOE do 31/12/2010), pola que se modifica a Lei 28/2005, de 26 de decembro (BOE do 27/12/2005), de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o suministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.
- p) Dará cumprimento da Orde do 1 de marzo de 2012, pola que se regula a sinalización das limitacións no consumo, venda e subministración de bebidas alcohólicas en locais comerciais de Galicia (Diario Oficial de Galicia do 13/03/2012).
- k) Dará cumprimento da Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade (Diario Oficial de Galicia do 28/12/2010). (ACTCLA/2017/000027-TRANS.ESPECT)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Edwin Eduardo José Cornejo Martínez, en representación de KAZOKU SUSHI S.L., para o inicio e desenvolvemento da actividade de 2.7.1. restaurante na Rúa San Roque nº 6, baixo as seguintes prescricións:

- a) O nivel de ruído transmisíble ó medio ambiente interior non excederá de 30 dB pola noite (22-8 horas) e de 35 dB polo día (8-22 horas). Asemade, o nivel de ruído transmisíble ó medio ambiente exterior non excederá de 65 dB polo día (8-22 horas) e de 55 dB pola noite (22-8 horas). En todo caso, deberán respetarse os límites de recepción de ruídos que poida fixa-la normativa vixente.
- b) NON EXCEDERÁ DOS VALORES DE TRANSMISIÓN DE RUÍDOS AO MEDIO EXTERIOR E INTERIOR DISPOSTOS NO RD 1367/2007, de conformidade co informe emitido con data 13/04/2018 polo Sr. Enxeñeiro Técnico Industrial.
- c) Aforo do local: 40 persoas, segundo certificación de actividade emitida con data 28/06/2017.
- d) Non se sobrepasarán os 80 dB(A) no interior do local.
- e) TRABALLARÁ COAS PORTAS E FIESTRAS PECHADAS E VENTILACIÓN FORZADA.
- f) Instalará cámara de graxas, debidamente dimensionada previa ao entroque co sumidoiro, para as augas da cociña.
- g) A saída de gases e fumes da cociña, será ao cumio da edificación por conducto independente.
- h) Os residuos que se xeneren durante o desenvolvemento da actividade, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía.
- i) Entregarán os residuos de aceites e frituras a xestores autorizados.
- j) NON INSTALARÁ NINGUN EQUIPO REPRODUCTOR DE SON (TELEVISION, EQUIPO DE MUSICA, ETC), TAL COMO MANIFESTA NO ESCRITO PRESENTADO CON DATA 13/09/2017 (RE: 11897-Xerencia de Urbanismo), ASI COMO DE CONFORMIDADE CO INFORME EMITIDO POLA POLICIA LOCAL CON DATA 06/02/2018, SEN AUTORIZACION DO CONCELLO.
- k) NON SE PODERÁ EXERCER A ACTIVIDADE DE KARAOKE NIN ACTUACIONES MUSICAIS EN DIRECTO NO INTERIOR DO LOCAL.
- l) NON PODERÁ OFRECER NO LOCAL ESPECTÁCULOS OU ACTIVIDADES DISTINTOS DOS QUE FIGUREN NA LICENZA E/ OU AUTORIZACIÓN, de conformidade co art. 7.1. do Decreto 160/2005, de 2 de xuño, polo que se modifica o Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- m) Deberá respectarse os horarios de peche dos establecementos públicos que en cada momento estableza a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.
- n) O/A titular da actividade deberá contribuír ó mantemento da orde pública evitando que as persoas saian do local con botellas, envases ou vasos (de vidro ou plástico).
- ñ) Dará cumprimento do establecido pola Lei 42/2010, de 30 de decembro (BOE do 31/12/2010), pola que se modifica a Lei 28/2005, de 26 de decembro (BOE do 27/12/2005), de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o suministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

o) Dará cumprimento da Orde do 1 de marzo de 2012, pola que se regulamenta a sinalización das limitacións no consumo, venda e subministración de bebidas alcohólicas en locais comerciais de Galicia (Diario Oficial de Galicia do 13/03/2012).

p) Dará cumprimento da Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade (Diario Oficial de Galicia do 28/12/2010). (ACTCLA/2017/000050-RXP).

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:20 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.